

*Acordo sobre
mellora retributiva e
profesional*

1 de outubro de 2003

ÍNDICE

PREÁMBULO.

1. OBXECTO DO ACORDO.

2. AMBITO DE APLICACIÓN.

2.1. Persoal Lei 3/87.

2.2. Persoal Decreto 226/1996.

3. VIXENCIA.

3.1. Incrementos retributivos.

3.2. Outras materias.

4. INCREMENTO RETRIBUTIVO.

4.1. Complemento de acordo Lei 3/87, PSX e traballador social.

4.2. Complemento de acordo Decreto 226/96.

5. CREACIÓN DOS NOVOS POSTOS QUE CONLEVAN EXERCICIO DE TAREFAS DE ESPECIAL RESPONSABILIDADE, DEDICACIÓN E/OU COORDINACION.

5.1. Coordinadores de técnicos especialistas e auxiliares de enfermería.

5.2. Xefes de cociña.

6. INCORPORACIÓN DE NOVAS CATEGORÍAS.

6.1. Enfermería saúde mental.

6.2. Prevención de riscos.

6.3. Outras

7. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE PRAZAS.

8. CARREIRA PROFESIONAL.

9. ACCIÓN SOCIAL.

10. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Primeira: Adaptación a TIS.

Segunda: Reapertura de prazos de integración no réxime estatutario.

Terceira: Xerarquización do persoal de cota de atención especializada.

Cuarta: Acordo de concertación social.

Quinta: Compromiso de negociación.

Sexta: Revisión de niveis de certos postos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

Primeira: Provisión provisional de postos que conleven exercicio de tarefas de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade.

Segunda: Provisión transitoria dos postos de xefes de cociña.

ENTRADA EN VIGOR.

PREÁMBULO.

A finais do ano 2001 publicábanse os Reais Decretos de transferencias ás Comunidades Autónomas das competencias e recursos que, en materia de xestión sanitaria, viña desempeñando o Instituto Nacional da Saúde e que foron asumidas polos distintos Servicios de Saúde.

Este proceso transferencial determinou a adopción, por parte dos ditos servicios de saúde, de medidas de política de persoal que supuxeron un incremento do salario dos seus profesionais e outras medidas atinxentes ás súas condicións de traballo.

No ámbito do Sergas, a execución dos últimos acordos retributivos para o persoal estatutario ou ben rematou ou ben remata a finais deste ano.

Por outra banda, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma a Lei 6/2002 do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, estableceu un fondo destinado á mellora e modernización dos servicios públicos, dirixido á ordenación das retribucións en ámbitos e sectores específicos da Administración autonómica obxecto da dita mellora.

A este contorno de incrementos salariais xeralizados engádese o, recentemente suscrito, Acordo entre a Administración do Estado e os sindicatos para a modernización e mellora da Administración pública, que contextualiza igualmente o entorno extrasanitario nun intre de xeralizadas subidas no nivel salarial dos empregados públicos españois.

Polo tanto, nestes contextos cunha incidencia directa no contorno dos profesionais que integran o sector sanitario público galego, moi especialmente no que se refire ó persoal estatutario dependente das institucións sanitarias do Servicio Galego de Saúde, as organizacións sindicais instaron á Administración

sanitaria a apertura dun proceso negociador similar ó levado a cabo noutros Servicios de Saúde ou Administracións Públicas.

Como resultado de dito proceso chégase a un acordo sobre melloras retributivas e profesionais que ten por obxecto favorece-la mellora das condicións retributivas de aproximadamente 25000 traballadores, homologando as retribucións do Sergas no marco dos Servicios de Saúde do Sistema Nacional de Saúde.

Este incremento retributivo fundaméntase no compromiso de participación na mellora do servizo público, facilitando ós cidadáns o acceso ás prestacións, promovendo o seu achegamento, co fin de que a universalidade da asistencia sanitaria sexa real, efectiva e de calidade.

O acordo será executable nun prazo de 36 meses, período similar ós últimos acordos do resto dos servizos de saúde e do resto da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, no que atinxe ós aspectos profesionais configúranse estes como instrumentos de mellora e modernización do servizo público, prevéndose medidas de actualización dos cadros de persoal á ordenación profesional, redefinición da acción social, deseño regulamentario da carreira profesional e dos procesos de selección e provisión de prazas, e promovéndose a homologación do persoal ó réxime estatutario.

Por último recóllese o compromiso de de analizar as retribucións do persoal estatutario no ámbito do Sistema Nacional de Saúde e, de se-lo caso, analiza-lo proceso negociador no seo da Mesa Sectorial no ano 2006.

1. OBXECTO DO ACORDO.

O presente acordo ten por obxecto:

1) Establece-lo incremento das retribucións do persoal estatutario incluído no seu ámbito de aplicación e revisar e adecúa-las retribucións de determinados postos de traballo que implican o desenvolvemento de funcións de especial responsabilidade ou cualificación.

2) Establece-las bases para a creación de determinados postos de traballo en aras á coordinación e mellora do clima laboral.

3) Preve-la incorporación ós cadros de persoal das institucións sanitarias de profesionais de enfermería especialistas en saúde mental, así como preve-la creación de categorías específicas de prevención de riscos laborais e contempla-las ferramentas para a adecuación dos ditos cadros de persoal ás novas titulacións da formación profesional.

4) Constata-lo compromiso de desenvolvemento do regulamento de selección de persoal e provisión de prazas de persoal estatutario.

5) Recolle-las bases para o deseño da carreira profesional.

6) Incluí-las bases para a reconfiguración da acción social.

7) Garanti-la reapertura dos prazos para a integración no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral das institucións transferidas doutras administracións públicas e preve-la negociación para regula-lo proceso de xerarquización do persoal facultativo especialista de cota.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O acordo será aplicable ó seguinte persoal:

2.1. Persoal estatutario das institucións sanitarias do Servicio Galego de

Saúde que o seu réxime retributivo de aplicación sexa o Real Decreto Lei 3/1987 de retribucións de persoal estatutario das institucións sanitarias da Seguridade Social. O presente acordo será aplicable tamén ó persoal incluído no punto primeiro do acordo suscrito pola administración sanitaria e os representantes do comité de empresa e da xunta de persoal do Centro Hospitalario Santa María Nai polo que se regulan determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal que presta servicios no devandito centro sanitario, publicado por Resolución de 29 de xullo de 1994 (DOG de 19 de agosto).

2.2. Persoal que o seu réxime retributivo este desenvolvido no Decreto 226/1996 de 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servicios de atención primaria do SERGAS, dictado en desenvolvemento da Lei 3/1987.

3. VIXENCIA.

A vixencia do presente acordo estenderase cos efectos que se detallan a continuación, comprendendo dende o ano 2003 para persoal facultativo especialista de área, ano 2004, ano 2005 e ata o ano 2006, no que rematará a súa vixencia.

3.1. A execución temporal dos incrementos retributivos será a seguinte:

1. Persoal facultativo de atención especializada que o seu réxime retributivo sexa o Real Decreto Lei 3/1987: Este persoal verá executado o incremento nun prazo de trinta e seis meses, con efectos do mes de xullo do ano 2003 ata o ano 2006, nos termos que se determinan na táboa do anexo I.
2. Farmacéuticos de Atención Primaria, Técnicos de Saúde e Persoal

sanitario non facultativo e non sanitario co seu réxime retributivo sexa o previsto no Real Decreto Lei 3/1987 (agás o retribuído con base no Decreto 226/1996) incluíndo entre eles ó persoal de servicios xerais e ós traballadores sociais de atención primaria. Para estes profesionais o acordo executarase en xaneiro de 2004, ata o ano 2006 de conformidade coa táboa do anexo I e anexo II.

3. Persoal facultativo de atención primaria e persoal sanitario non facultativo, que o seu réxime retributivo está regulado polo Decreto 226/1996 (agás traballadores sociais e persoal de servicios xerais, retribuídos con base no Real Decreto Lei 3/1987): a aplicación do incremento retributivo realizarase con efectividade económica dende o primeiro de xaneiro de 2004 ata o ano 2006, segundo o establecido no apartado 4.2.

3.2. Outras materias.

As demais materias obxecto deste acordo desenvolveranse no prazo de vixencia do previsto nel.

4. INCREMENTO RETRIBUTIVO.

Neste apartado recóllense e regúlanse os incrementos retributivos que se definen a continuación e que se concretan nos anexos I e II.

A táboa do anexo I reflicte os incrementos retributivos das categorías e grupos de clasificación; a táboa do anexo II recolle un incremento para certos postos de traballo sobre as retribucións do seu código orzamentario.

4.1. Complemento de acordo para o persoal incluído no ámbito de aplicación do apartado 2.1, persoal de servicios xerais (PSX) e traballadores sociais de atención primaria.

- 4.1.1. Establécese un complemento de acordo destinado a remunerar a

mellora e modernización dos servizos sanitarios públicos de Galicia.

As contías que se determinan na táboa do anexo I serán imputadas ó complemento de produtividade fixa, sen prexuízo do disposto na disposición adicional sexta, con cargo provisionalmente ó concepto “complemento de acordo”. As cantidades devengadas no exercicio inmediatamente anterior consolidaranse para o exercicio seguinte incorporándose á masa salarial, para os efectos da aplicación do incremento previsto na correspondente Lei de presupostos xerais.

4.1.2. Coa finalidade de remunerar a especial responsabilidade, ou cualificación e especialización de determinados postos de traballo de persoal sanitario non facultativo e non sanitario, establécese, coas mesmas características que as do apartado anterior, un incremento adicional respecto das retribucións do seu código orzamentario ata acadar a contía que figura na táboa do anexo II.

4.1.3. A aplicación do parágrafo 4.1.2 exclúe a aplicación do parágrafo 4.1.1.

4.2. Complemento de acordo para o persoal incluído no ámbito de aplicación do apartado 2.2, agás persoal de servizos xerais (PSX) e traballadores sociais de atención primaria.

O incremento retributivo que se establece neste apartado está destinado a remunerar a mellora e modernización dos servizos sanitarios públicos de Galicia, así como a adaptación ó novo sistema de organización por tarxeta individual sanitaria (TIS), en atención ó previsto nas disposicións transitoria primeira e derradeira do Decreto 226/1996.

O incremento retributivo para este persoal será o que se determina nos apartados seguintes:

4.2.1. Médicos de Familia, Pediatras e Odontólogos:

As contías que se detallan na táboa do anexo I serán imputadas ó complemento de produtividade fixa, ó abeiro do previsto na disposición derradeira, para a adaptación contemplada na disposición transitoria primeira do Decreto 226/1996. As cantidades devengadas no exercicio inmediatamente anterior consolidaranse para o exercicio seguinte incorporándose á masa salarial, ós efectos da aplicación do incremento previsto na correspondente Lei de presupostos xerais.

4.2.2. Enfermeiras/os e fisioterapeutas de atención primaria:

4.2.2.1. O incremento retributivo será de 500 € por profesional que serán imputados ó complemento de produtividade fixa, no importe mensual que corresponda, consonte se establece no punto 4.2.2.4, ó abeiro do previsto na disposición derradeira, para a adaptación contemplada na disposición transitoria primeira do Decreto 226/1996.

As cantidades devengadas no exercicio inmediatamente anterior consolidaranse para o exercicio seguinte incorporándose á masa salarial, ós efectos da aplicación do incremento previsto na correspondente Lei de presupostos xerais.

4.2.2.2. En tanto non se proceda á modificación do Decreto 226/1996, a fixación dos criterios para a determinación dos obxectivos dos que se derive a percepción do complemento de produtividade variable garantizará, como mínimo, a consigna das contías percibidas a conta.

4.2.2.3. Así mesmo suplementarase o complemento de produtividade variable cunha contía de 330 € ano ou contía proporcional pola prestación efectiva da atención domiciliaria, sempre que non se facilite

vehículo para esa prestación nos servicios ou unidades de atención primaria.

4.2.2.4. As cantidades previstas no apartado 4.2.2.1 e 4.2.2.3 executaranse coa secuencia temporal e nas porcentaxes que se indican para a súa distribución na nómina mensual:

40% no ano 2004.

30% no ano 2005.

30% no ano 2006.

4.2.3. Ó longo da execución deste acordo promoveranse as adaptacións do Decreto 226/1996 que, de se-lo caso, se requiran para a execución do previsto neste acordo.

5. CREACIÓN DOS NOVOS POSTOS QUE CONLEVAN EJERCICIO DE TAREFAS DE ESPECIAL RESPONSABILIDADE, DEDICACIÓN E/OU COORDINACIÓN.

A Administración sanitaria, de conformidade coa normativa vixente, procederá a crear-los postos seguintes:

5.1. Coordinadores de técnicos especialistas e auxiliares de enfermería.

5.1.1. Co obxecto de mellora-la calidade do servizo, potenciando a participación do persoal nos obxectivos das institucións sanitarias, fomentando a coordinación e cooperación entre os profesionais, e co fin de detecta-las necesidades de formación dos profesionais, transformaranse 12 prazas básicas da categoría de técnicos especialistas e 12 prazas básicas da categoría de auxiliares de enfermería (1 por complexo hospitalario/hospital e categoría) en postos de coordinadores de técnicos especialistas e de auxiliares de enfermería respectivamente. Estes postos adscribiranse á unidade con

responsabilidades en materia de formación.

5.1.2. Ditos postos terán as seguintes funcións:

- Participar nas comisións de docencia, calidade e aquelas que teñan relación coas áreas de formación e docencia.
- Detectar as necesidades de formación do persoal, participando na organización da formación para estes colectivos.
- Colaborar coa formación dos profesionais en prácticas así como dos profesionais de nova incorporación ós postos da unidade ou servicio.
- Participar, dentro do ámbito das súas competencias, nos obxectivos atribuídos pola dirección do centro.

5.1.3. Así mesmo, a División de Recursos Humanos presentará á comisión de seguimento un protocolo de traballo para que elabore unha proposta de transformación de dúas prazas básicas das categorías técnicos especialistas e dúas de auxiliares de enfermería en dous postos de coordinadores auxiliares de enfermería e dous de técnicos especialistas que funcionarán como experiencia piloto en dous centros que se determinen con obxecto de valorar novas áreas funcionais de coordinación.

5.1.4 A retribución dos postos de coordinación anteriores terán asignada unha contía adicional á categoría básica de 850 € que será aplicable nas seguintes porcentaxes:

40% no ano 2004.....	340 €.
30% no ano 2005.....	255 €.
30% no ano 2006.....	255 €.

5.1.5. A provisión dos postos de coordinador de técnicos especialistas e coordinador de auxiliares de enfermería realizarase polo procedemento de libre designación por convocatoria pública, podendo ser cesado discrecionalmente. Ata que se artelle regulamentariamente o dito procedemento a provisión terá carácter provisional

5.2. Xefes de cociña.

5.2.1. Nas institucións sanitarias que se determinen crearase o posto de xefe de cociña co nivel retributivo de xefatura de sección do grupo C.

5.2.2. Sen prexuízo das funcións que lle correspondan ós gobernantes, o xefe de cociña coordinará, supervisará e ordenará a actividade dos cociñeiros/as e pinches no seu cometido.

6. INCORPORACIÓN DE NOVAS CATEGORÍAS.

6.1. Enfermeiras/os especialistas en saúde mental.

6.1.1. A categoría de enfermeira/o coa especialidade en Saúde Mental intégrase, de acordo coa normativa vixente, no estatuto xurídico de persoal sanitario non facultativo das institucións sanitarias da Seguridade social, como persoal titulado de grao medio.

6.1.2. Percibirá idénticas retribucións que a enfermería coa especialidade en obstetricia – xinecoloxía ou matrona.

6.1.3. Realizará as funcións que se derivan da súa formación especializada nos servizos ou unidades de atención especializada nas institucións hospitalarias do SERGAS.

6.1.4. A División de Recursos Humanos do SERGAS tralo informe da

División de Asistencia Sanitaria procederá á adecuación dos cadros de persoal dos centros hospitalarios con servicios ou unidades de saúde mental con obxecto de integra-la enfermería especializada.

6.1.5. A selección de persoal desta categoría e provisión das prazas realizarase polo procedemento ordinario regulamentariamente establecido en desenvolvemento da Lei 30/1999, do 5 de outubro.

6.2. Categorias específicas de prevención de riscos laborais.

No prazo dun ano procederase á creación, de acordo coa normativa vixente, de categorías específicas de prevención de riscos laborais.

6.3. Adecuación de categorías profesionais.

A comisión de seguimento elaborará un estudio técnico sobre a necesidade de crear novas categorías ou transformación das existentes, co obxecto de integrar, nos cadros de persoal das institucións sanitarias, as novas titulacións da formación profesional. Dito documento trasladarase á Mesa Sectorial previa á súa aprobación pola Administración tralos informes necesarios.

7. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE PRAZAS.

No seo da Mesa Sectorial, e no prazo de vixencia do presente acordo, negociarase o regulamento de selección de persoal estatutario e provisión de prazas das institucións sanitarias do Sergas, en cumprimento do mandato encomendado pola Lei 30/1999, do 5 de outubro, coa derogación da normativa vixente no ámbito do SERGAS.

Sen prexuízo, do respecto ós principios enunciados na citada lei, os procedementos de selección e provisión garantirán os principios de legalidade,

igualdade, mérito, capacidade, publicidade, eficacia, imparcialidade e axilidade na súa tramitación. Así mesmo, garantíranse os criterios de periodicidade das convocatorias, libre circulación entre o persoal estatutario da mesma categoría no Sistema Nacional de Saúde, e libre acceso a tódolos postos de traballo dunha mesma categoría, grupo profesional e réxime xurídico.

8. CARREIRA PROFESIONAL.

8.1. No seo da Mesa Sectorial negociárase a regulamentación do sistema de desenvolvemento da carreira profesional do persoal estatutario sanitario de formación universitaria, de conformidade cos principios e criterios establecidos na Lei de ordenación das profesións sanitarias e o Estatuto Marco, actualmente en trámite parlamentario, e que establecerá as previsións necesarias que permitan a súa homologación no resto do Sistema Nacional de Saúde.

8.2. Así mesmo, no seo da Mesa Sectorial negociárase o deseño da carreira profesional do persoal estatutario sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos, a fin de facer efectivo o dereito ó seu desenvolvemento profesional con base nos coñecementos, experiencia e cumprimento dos obxectivos da organización na que presta os seus servizos de conformidade cos criterios e principios que estableza o futuro Estatuto Marco e a lexislación vixente no seu momento.

8.3. Por razóns operativas da especificidade da materia poderase acorda-la constitución de grupos de traballo no seo da Mesa Sectorial para a elaboración de documentos de traballo relativos á carreira profesional de determinados grupos ou colectivos.

8.4. A execución do previsto neste apartado realizarase durante a vixencia do acordo, de conformidade co previsto no punto 3 deste acordo.

9. ACCIÓN SOCIAL.

A comisión de seguimento elaborará unha proposta para a regulación dunha nova configuración dos fondos actualmente destinados á acción social e dos procedementos para a súa tramitación, que teña en consideración os principios de publicidade, seguridade xurídica, periodicidade e transparencia.

Así mesmo, preverase a participación dos representantes dos traballadores na resolución dos expedientes que se tramiten.

Prevese unha dotación de 100.000 € que se destinará a acción social, a execución da cal realizárase o longo da vixencia deste acordo.

A partir do ano 2005 a administración comprométese a revisar os fondos de acción social co obxecto de desenvolver os programas que se acorden.

10. COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Para levar a efecto o desenvolvemento deste acordo e resolver as incidencias que podan derivarse da súa aplicación e interpretación, crease unha comisión de seguimento coas partes asinantes deste.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Primeira: Adaptación a TIS.

Durante a vixencia deste acordo procederáse á execución do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 226/1996, de 25 de abril, adaptando o sistema retributivo da produtividade fixa á incidencia do novo sistema de contaxe por tarxeta individual sanitaria (TIS).

A adaptación ó sistema de contaxe por TIS axustarase á masa salarial

destinada ós conceptos destinados ó complemento de produtividade fixa vinculado ás tarxetas de titulares sen que poda superarse dita masa salarial.

Na determinación do anterior complemento adoptaranse pola comisión de seguimento os criterios que eviten mermas retributivas significativas.

Segunda: Reapertura de prazos de integración no réxime estatutario.

A partir do ano 2004, con periodicidade anual, abrírase o prazo que se determine para que o persoal funcionario e laboral das institucións sanitarias transferidas das corporacións locais ou doutras administracións públicas, que non tivese exercitado a súa opción pola homologación na primeira oferta realizada polo Sergas, poida integrarse en idénticas condicións a esta.

A Administración comprométese a posibilitar a coordinación das ofertas anuais de integración coas convocatorias ordinarias dos concursos de traslados e de selección de persoal. Para estes efectos a comisión de seguimento deste acordo analizará as propostas para a súa efectividade.

Terceira: Xerarquización do persoal de cota de atención especializada.

Ó longo do ano 2004, iniciarase no seo da Mesa Sectorial a negociación para establecer as condicións e procedemento para que o persoal facultativo especialista de cota, con praza en propiedade, poida optar pola súa xerarquización.

Cuarta: Acordo de concertación social.

Para os efectos de preservar a súa vixencia e virtualidade, no marco da nova conformación da Mesa Sectorial tralo derradeiro proceso electoral,

incorpórase como parte do contido do presente acordo o Acordo de Concertación Social sobre retribucións e condicións de traballo do persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario do Sergas asinado entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais en data do 22 de febreiro de 2001.

Sen prexuízo da comisión de seguimento do presente acordo, polo que atinxe ó acordo de concertación social respectarase, en todo caso, a composición e competencias da súa comisión de seguimento.

Quinta: Compromiso de negociación.

A Administración sanitaria, unha vez rematado o período de aplicación do presente acordo, procederá a analiza-las retribucións do persoal estatutario no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, co tratamento na mesa de negociación e, de se-lo caso, coa fixación do calendario de negociación a partir do ano 2006.

Sexta: Revisión de niveis de certos postos.

A comisión de seguimento, de se-lo caso, poderá acordar a aplicación total ou parcial do complemento de acordo ó complemento de destino coa finalidade de eleva-lo nivel dos postos de traballo das categorías que se determinen.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.

Primeira: Provisión provisional de postos que conleven exercicio de tarefas de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade.

1. A normativa que se dicte en desenvolvemento da Lei 30/1999, do 5 de outubro, determinará o sistema de provisión por persoal estatutario fixo dos

postos de xefatura, coordinación e supervisión de persoal sanitario non facultativo e non sanitario.

Dita normativa establecerá o réxime de adecuación ó sistema de provisión que se estableza para os postos das citadas características, que actualmente estean desempeñados con carácter provisorio.

2. A partir da entrada en vigor do presente acordo, ditos postos proveranse transitoriamente con carácter provisorio. En todo caso, estes postos proveranse consonte á normativa referida no parágrafo primeiro no intre da súa entrada en vigor.

3. Regulamentariamente determinaranse os efectos económicos que, de se-lo caso, se consoliden polo desempeño dos postos a que se refire a presente disposición.

O cómputo para a deducción dos citados dereitos inciarase dende o intre en que se cumprimente o disposto neste parágrafo.

Segunda: Provisión transitoria dos postos de xefes de cociña.

A provisión dos postos de xefe de cociña, á que se refire o parágrafo 5.2. do presente acordo, realizarase polo procedemento de libre designación por convocatoria pública, podendo acceder o persoal da categoría de cociñeiros/as. Ata que se artelle regulamentariamente o dito procedemento, a provisión polo procedemento anterior terá carácter provisional.

ENTRADA EN VIGOR.

Sen prexuízo do previsto no apartado 3. VIXENCIA, o presente acordo entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Pola Administración

O CONSELLEIRO DE SANIDADE,

José M^a Hernández Cochón.

O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE
RECURSOS HUMANOS DO SERGAS,

José Ignacio Lema Piñeiro.

Polas organizacións sindicais

O SECRETARIO XERAL DO SERGAS,

Manuel Antonio Silva Romero

POLA ORGANIZACIÓN SINDICAL
CESMSATSE

Cándido Andión Núñez.

Carmen García Rivas

POLA ORGANIZACIÓN SINDICAL CIG,

Xoán Cons Pintos.

POLA ORGANIZACIÓN SINDICAL SAE,

Begoña Cainzos Ayerbe

POLA ORGANIZACIÓN SINDICAL UGT,

Delia Irene Martínez Conde.

ANEXO I

Persoal do apartado 4.1.1.	Total incremento	Contía anual 2003	Incremento mensual 2003 (desde xullo)	Contía anual 2004	Incremento mensual 2004	Contía anual 2005	Incremento mensual 2005	Contía anual 2006	Incremento mensual 2006	Total incremento
Facultativos atención especializada	3.150 €	630,00 €	105,00 €	945,00 €	78,75 €	945,00 €	78,75 €	630,00 €		3.150 €
Farmaceúticos e Técnicos de Saúde	3.150 €			1.260,00 €	105,00 €	945,00 €	78,75 €	945,00 €	78,75 €	
Grupo A non sanitario	1.700 €			680,00 €	56,67 €	510,00 €	42,50 €	510,00 €	42,50 €	1.700 €
Grupo B sanitario	1.550 €			620,00 €	51,67 €	465,00 €	38,75 €	465,00 €	38,75 €	1.550 €
Grupo B non sanitario	1.350 €			540,00 €	45,00 €	405,00 €	33,75 €	405,00 €	33,75 €	1.350 €
Grupo C	1.200 €			480,00 €	40,00 €	360,00 €	30,00 €	360,00 €	30,00 €	1.200 €
Grupo D	1.100 €			440,00 €	36,67 €	330,00 €	27,50 €	330,00 €	27,50 €	1.100 €
Grupo E non sanitario	1.050 €			420,00 €	35,00 €	315,00 €	26,25 €	315,00 €	26,25 €	1.050 €

Persoal do apartado 4.2.1.	Total incremento	Contía anual 2004	Incremento mensual 2004	Contía anual 2005	Incremento mensual 2005	Contía anual 2006	Incremento mensual 2006
Médicos de Familia, Pediatras, Odontólogos	3.150 €	1.260,00 €	105,00 €	945,00 €	78,75 €	945,00 €	78,75 €

ANEXO II

Persoal do apartado 4.1.2	Incremento	Contía anual 2004	Incremento mensual 2004	Contía anual 2005	Incremento mensual 2005	Contía anual 2006	Incremento mensual 2006	Total incremento
Supervisoras de Área+Secretarias Escola Enf	1.800 €	720,00 €	60,00 €	540,00 €	45,00 €	540,00 €	45,00 €	1.800 €
Supervisoras de Unidade+Prof Escola Enf	1.750 €	700,00 €	58,33 €	525,00 €	43,75 €	525,00 €	43,75 €	1.750 €
Matronas / Enfermeiras saúde mental	1.700 €	680,00 €	56,67 €	510,00 €	42,50 €	510,00 €	42,50 €	1.700 €
Coordinadores Tecnicos Especialista	2.050 €	820,00 €	68,33 €	615,00 €	51,25 €	615,00 €	51,25 €	2.050 €
Coordinadores Auxiliares Enfermería	1.950 €	780,00 €	65,00 €	585,00 €	48,75 €	585,00 €	48,75 €	1.950 €
Xefes de Servicio non sanitario	2.000 €	800,00 €	66,67 €	600,00 €	50,00 €	600,00 €	50,00 €	2.000 €
Xefes de Sección non sanitario	1.800 €	720,00 €	60,00 €	540,00 €	45,00 €	540,00 €	45,00 €	1.800 €
Xefes de Grupo non sanitario	1.500 €	600,00 €	50,00 €	450,00 €	37,50 €	450,00 €	37,50 €	1.500 €
Xefes de Equipo non sanitario	1.500 €	600,00 €	50,00 €	450,00 €	37,50 €	450,00 €	37,50 €	1.500 €
Xefe de taller	1.500 €	600,00 €	50,00 €	450,00 €	37,50 €	450,00 €	37,50 €	1.500 €
Xefes de Persoal Subalterno	1.800 €	720,00 €	60,00 €	540,00 €	45,00 €	540,00 €	45,00 €	1.800 €
Encargado de Quenda	1.500 €	600,00 €	50,00 €	450,00 €	37,50 €	450,00 €	37,50 €	1.500 €
Encargado Lavandería	1.500 €	600,00 €	50,00 €	450,00 €	37,50 €	450,00 €	37,50 €	1.500 €
Profesor de Logofonía e Logopedia	1.550 €	620,00 €	51,67 €	465,00 €	38,75 €	465,00 €	38,75 €	1.550 €
Cociñeiros	1.800 €	720,00 €	60,00 €	540,00 €	45,00 €	540,00 €	45,00 €	1.800 €